

Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia - CITIC

Axudas para Prácticas “MestreTIC” 2025 para estudiantado de Máster

Esta convocatoria desenvólvese ao amparo dun dos obxectivos estratéxicos do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC: Consolidar o CITIC como unha contorna atractiva para o desenvolvemento dunha carreira científica no campo das TIC.

A un contexto xa difícil para a captación de Talento debido a elevada demanda laboral de profesionais do sector TIC, únense outros factores externos como a brecha dixital de xénero ou a infrarrepresentación feminina nos estudos dentro deste ámbito tecnolóxico. Incrementar a captación de persoal investigador continua a ser compromiso en firme do CITIC e por iso convoca as axudas para a realización de prácticas “MestreTIC”.

Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a realización de prácticas remuneradas con dedicación a tempo parcial, en réxime de concorrencia competitiva, de estudiantado que estea matriculado na data de presentación da solicitude en estudos de Mestrado aliñados coas áreas estratéxicas do CITIC. Concederanse un máximo de 10 bolsas.

Características

Esta convocatoria soamente é válida para persoas matriculadas nun Mestrado que no momento da realización das prácticas teñan superado o 25 % dos créditos e que non posúan título de doutoramento.

- Para poder presentarse será requisito entregar o aval de persoal investigador no permanente ou non permanente con adscrición vixente ao CITIC (no enderezo onde se describa brevemente a liña de traballo a desenvolver. Cada investigador/a permanente ou non permanente do CITIC só poderá ser responsable dunha persoa beneficiaria.
- A actividade derivada das prácticas desenvolverase nas instalacións do CITIC, de acordo ao horario establecido no convenio.

Para o caso de prácticas extra curriculares.

- Non se poderá ter traballado, por conta allea ou propia, levando a cabo tarefas relacionadas cos seus estudos universitarios baixo ningunha modalidade de contratación laboral.
- Non se poderán ter realizadas prácticas previas por un período superior a 6 meses.



Contía, duración e prazo

- A data aproximada de incorporación será o 1 de febreiro de 2025 e o convenio de prácticas terá una duración de 6 meses non prorrogables.
- A axuda económica bruta das persoas beneficiarias das prácticas será de 550,00 euros/mes (reteranse os importes a costa do IRPF e deduciranse os custos de Seguridade Social que legalmente correspondan)
- O prazo máximo para a inscrición das solicitudes será o 22 de decembro de 2024.

Presentación de solicitudes

Logo de rexistrarse a través do portal EMPLEA da Fundación Universidade da Coruña (www.fundacion.udc.es/emplea), deberá entregar no mesmo portal a seguinte documentación:

1. Copia do DNI, NIE ou do pasaporte en vigor no caso de cidadáns estranxeiros non residentes en territorio español.
2. Currículo, en idioma galego, castelán ou inglés xunto con:
 - a. Aval dun investigador/a permanente ou non permanente do CITIC onde se describa brevemente a liña de traballo a desenvolver.
 - b. Declaración responsable de non estar en posesión do título de Doutor/a, por calquera Universidade española ou estranxeira.

NOTA: (Deberá presentarse no mesmo PDF no apartado de CV).

3. Certificado académico, correspondente ás titulacións que se posúan ou aos ensinados superados na data de presentación da solicitude, expedido ou facilitado pola entidade académica. No certificado deberán constar todas as materias superadas, cos seus créditos, as cualificacións obtidas, o curso académico e a nota media do expediente.
4. Vida Laboral actualizada.
5. Xustificante de matrícula nos estudos de mestrado.
6. Cando se trate de certificados expedidos por centros estranxeiros, farase constar cales son as cualificacións máximas e mínimas dentro do sistema de avaliación correspondente e cal é a cualificación mínima para aprobar. Se a certificación académica está expedida nun idioma distinto ao castelán ou inglés, deberán acompañarse da correspondente tradución xurada a un destes dous idiomas.
7. A presentación da solicitude leva o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, así como o consentimento das persoas participantes aos efectos de publicidade e tratamento dos datos persoais que figuren nelas, e o consentimento para



comprobar ou solicitar doutros órganos, Administracións ou provedores, por medios electrónicos, a información sobre circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento.

Avaliación das solicitudes

O órgano competente para a valoración das solicitudes será a Comisión de Avaliación elixida polo Comité de Dirección entre os seus membros e da que polo menos deben formar parte:

- a. O Director do CITIC: Manuel González Penedo.
- b. O Subdirector do CITIC: Javier Pereira.
- c. Unha persoa do staff do CITIC que actuará como secretario con voz e sen voto.

1.- A Comisión de Avaliación emitirá un informe motivado, no que se concrete o resultado da avaliación, e onde se propoñan as solicitudes seleccionadas e de reserva e publicárase unha listaxe coas persoas candidatas. Nos casos de solicitudes que teñan igual puntuación e resulte necesario resolver o empate, este dirimirase por decisión motivada expresamente pola Comisión de Avaliación baseada nos currículos dos candidatos dando prioridade as persoas de xénero feminino.

2.- A Comisión de Avaliación poderá descartar as candidaturas con expedientes académicos cuxa nota media sexa inferior a 7,5.

3.- Para a avaliación contabilízase o expediente de grado, o expediente de Mestrado de primeiro ano, de selo caso e o documento de aval dun investigador permanente do CITIC onde se describa brevemente a liña de traballo a desenvolver e o currículo.

Publicidade

As persoas beneficiarias obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe da financiación facendo referencia expresa en todas as publicacións, relatorios etc. que as persoas candidatas leven a cabo durante o período de contratación, incluíndo o seguinte texto:

Actividade financiada polo Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC), Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia.